

PRESENTACIÓN da XUNTA DIRECTIVA da ANPA do CEIPP de PALMEIRA

Queremos presentarnos e poñernos a **vosa disposición** para calquera cousa que poidades precisar.

Somos nais e pais coma vos, que traballamos todo o ano, de forma totalmente **altruísta**, para **representar** e **defender** os dereitos dos nosos fillos/as e dos seus país/nais/titores legais, así coma **ofrecer servizos** que complementan a oferta actual do colexio.

A ANPA do CEIPP de Palmeira ofrece, xestiona e subvenciona:

- **Servicio de Comedor** escolar, de 14h a 16h, durante todo o ano escolar.
- **Servicio de Madrugadores**, de 7h a 9h, durante todo o ano escolar.
- **Banco de Libros de texto**, emprestando libros de 3º e 4º de primaria.
- **Actividades Extraescolares**, fora e dentro do centro, de 16h a 18h, de outubro a maio e con descontos grazas ás subvencións que a ANPA solicita: Ballet, Inglés, Club Creativo, Parkour, Xadrez, Baloncesto, Tenis, Baile, Body Jump, Lingua de Signos, Ximnasia Rítmica, Ioga, Música,...
- **Actuacións e Obradoiros** con contidos de gran relevancia social, culturais e educativos coma contacontos, maxia, música, teatro...
- **Viaxes** e excursións de interese lúdico e cultural, para todo o alumnado, amigos e familias.
- **Escola de familia**: charlas e obradoiros dirixidos a pais, nais e demais familia, con temas de interese dentro da familia e a comunidade educativa.
- Hai tendas, academias e outros **establecementos** que ofrecen **descontos** para os nosos socios e socias.
- Colaboramos con outras **Asociacións que proporcionan servizos na nosa zona**: Asociación TDAH Salnés/Barbanza, Asociación Galega de Afectados polo LUPUS (AGAL), AECC (Cancro), ANEDIA (diabetes),... e participamos economicamente no **Certame anual de curtas da Asociación Alberto Romero**.
- **Proporcionamos representación** dos pais e nais ante o **Consello Escolar** do colexio e no **CE Municipal**.
- Pertencemos e traballamos coa **Federación de ANPAS (FEDAPA)**, coa Confederación de ANPAs de Galicia (CONFAPA-GALICIA) e de España (CEAPA).
- Contamos con **Seguro de Responsabilidade Civil** e outro de **Accidentes**.
- **Cumprimos coa legalidade vixente** en materia de protección de datos (LOPD), libros, rexistros e no estado de contas, sempre a vosa disposición, cumprindo cas obrigas que a lei e os Estatutos nos impón.
- Facemos unha **Asemblea Xeral Ordinaria** no mes de **setembro**, onde presentaremos os servizos, actividades, actuacións e propostas para o ano escolar que comeza. Asembleas **Extraordinarias** sempre que xurda un tema que o faga necesario. E outra Asemblea Xeral ordinaria no mes de **xuño**, coa memoria de todo o feito durante o curso e coa presentación e aprobación das contas da Asociación.

A ANPA solicita subvencións ao Concello, á Deputación da Coruña e ás Consellarías da Xunta de Galiza, pero mantense grazas ás **cotas dos Socios**: podedes facervos socios **por 20€ familia/ano** mediante transferencia bancaria ao numero de conta **ABANCA ES87 2080 0340 76 3040001334**

Un saúdo e moitas grazas,

BEATRIZ PILLADO PARDAVILA (Presidente)
CLARA SOBRIDO MONTES (Vicepresidente)
PALOMA BARREIRO CERQUEIRAS (Secretaria)
ALICIA LÓPEZ MAYÁN (Tesoureira)
ANXOS TORRADO BLANCO (Vogal)
ANDREA SIEIRA RIVAS (Vogal)
MARÍA BENITA REDONDO FERNÁNDEZ (Vogal)
MARÍA TERESA LÓPEZ BARREIRO (Vogal)
MANUEL ÁNGEL LENS GÓMEZ (Vogal)

A Xunta Directiva da ANPA do CEIPP de PALMEIRA

